Lugo, 5 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

R. 0588

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobadas polo Decreto de Alcaldía nº157/2025, de 28 de febreiro de 2025, expóñense ó público as bases e a convocatoria para a selección de (1) conserxe limpiador, para o CEIP VELEIRO DOCAMPO de Castro de Ribeiras de Lea,(funcionario de carreira).O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación das bases e convocatoria no BOE conforme establece o artigo 6.2 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

BASES PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE CONSERXE LIMPADOR DO CEIP VELEIRO DO CAMPO POR OPOSICIÓN INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024.

1.- Obxecto da Convocatoria e Réxime de publicacións.

É obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer o proceso selectivo para a selección dun funcionario de carreira para o posto de traballo de conserxe limpador do Colexio de Educación Infantil e Primaria Veleiro Docampo de Castro Riberas de Lea, ao abeiro do disposto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Dita praza figura na Oferta de Emprego Público 2024 aprobada por Decreto de Alcaldía nº 665/2024 de 13 de novembro de 2024, publicada no Boletín Oficial de Lugo nº 272 de data 25 de novembro de 2.024.

O sistema selectivo será o de oposición libre e a presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo, na sede electrónica do concello de Castro de Rei (<https://castroderei.gal/Taboleiro de anuncios>)

O anuncio de aprobación das bases e a convocatoria será publicado no DOG e no BOE, e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

O resto de actos do proceso que deban ser obxecto de publicidade serán publicados na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos.

As características da praza son:

Denominación	Conserxe Limpador
Grupo	AP
Escala	Administración Xeral
Subescala	Subalterna
Natureza	Funcionarial
Sistema de selección	Oposición
Turno	Libre

2.- Funcións da praza.

- Vixiancia e custodia interior e exterior de edificio.
- Apertura e peche de edificio, efectuando os controles oportunos en cada caso en relación coa iluminación, calefacción, portas, ventanas, medidas de seguridade ou de alarma, presencia de personas, etc..
- Control de acceso de personas ao edificio.
- Atención persoal e telefónica.
- Informar e, no seu caso, acompañar ao público en xeneral.
- Recollida e entrega diaria do correo. Distribución de correspondencia, documentación e obxectos entre as distintas dependencias.
- Custodia de chaves.
- Recollida e traslado de material, mobiliario e enseres.
- Manexo de máquinas fotocopiadoras, encuadernadoras, plastificadoras, etc.
- Poñer e retirar bandeiras, anuncios, carteis, etc.
- Control de instalacións (ascensores, calefacción, extintores).
- Reparacións sinxelas de fontanería, sanitarios, electricidade, informática; partes de avarías eléctricas ou doutro tipo e comunicación de anomalías.
- Control e repartición de material e reposicións.
- Revisión e mantemento da caixa de primeiros auxilios, do mobiliario, maquinaria e instalacións ubicadas no interior ou exterior do edificio e do seu entorno.
- Limpeza das instalacións.
- Todas aquellas funcións propias da súa categoría que, previamente instruido, no seu caso, se lle encomenden polo responsable municipal ou, no seu caso, o personal directivo.

3.- Retribucións.

Dita praza atópase dotada orzamentariamente no vixente orzamento municipal coas retribucións anuais correspondentes ao Grupo AP establecendo:

- Salario base: 9.187,22 euros.
- Complemento de destino (nivel 14): 5.109,58 euros.
- Complemento específico anual: 2.279,20 euros.

4.- Xornada de traballo.

Completa.

5.- Requisitos dos/as aspirantes.

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os/as aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o desenvolvemento do proceso selectivo, os seguintes requisitos:

- Nacionalidade: Posuir a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Idade: Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica co desempeño das correspondentes funcións asignadas ao posto.
- Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ninguna Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Titulación: certificado de escolaridade/equivalente ou superior.
- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento do nomeamento.

6.- Instancias.

6.1. Modelo de solicitude

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá presentar a súa solicitude no modelo oficial de instancia (Anexo I), que estará a disposición dos/as interesados/as nas dependencias administrativas (servicio de rexistro) e na sede electrónica do concello.

Dita instancia irá dirixida ao Sr.Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos ba base quinta da convocatoria e acompañaranse obligatoriamente os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI en vigor do/a aspirante.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, adxuntaranse o CELGA 2 ou superior para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego.

6.2. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación das bases e convocatoria no BOE conforme establece o artigo 6.2 do RD 896/1991, de 7 de xuño. No citado anuncio figurará a oportuna referencia ao número e data do Boletín Oficial da Provincia no que con anterioridade se publicaron íntegramente as bases da convocatoria. A non presentación da solicitude en tempo e forma, suporá a inadmisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

6.3. Medio de presentación.

As instancias serán presentadas presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, ou a través da sede electrónica do concello, ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se cursen a través das oficinas de correos, deberán facerse de acordo co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, do 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servicios postais, (presentaranse en sobre aberto, para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas) facendo constar no sobre a referencia seguinte: "Concello de Castro de Rei. Proceso selectivo. Convocatoria Conserxe Limpador do CEIP Veleiro Docampo. Praza Maior, nº 1. 27250. Castro de Rei (Lugo)." Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico oficinasxerais@castroderei.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

6.4. Erros nas solicitudes.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

6.5. Defectos das solicitudes.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.6. Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimiento da persoa solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista de reserva.

Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimiento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na sede electrónica municipal para todo o relacionado co proceso selectivo.

A autoridade convocante, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer as persoas aspirantes, para os efectos procedentes.

7.- Admisión das persoas aspirantes.

7.1. Listaxe provisional.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a presidencia do Concello ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelido, o número do Documento Nacional de Identidade anonimizado, (disposición adicional sétima da LPD) e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

Esta resolución publicarase no BOP de Lugo, na sede electrónica do concello de Castro de Rei (<https://castroderei.gal/Taboleiro de anuncios>) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

7.2 Reclamacións á listaxe provisional.

Perante o prazo de dez días, de conformidade co previsto no artigo 68.1 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, poderanse corrixe os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamación á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, a persoa aspirante excluída decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

7.3 Listaxe definitiva

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade a través dunha nova resolución coa lista completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas non se permitirá ningún cambio.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

8.- Tribunal Cualificador.

8.1.- Os membros do tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 4, letras e) e f) do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como no artigo 60 do TREBEP.

Estará constituído por cinco membros titulares e cinco suplentes: Presidente/a, Secretario/a e tres Vogais.

Os/as integrantes do Tribunal deberán posuér nivel de titulación igual ou superior ao esixido para as prazas convocadas.

De conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos/as seus /súas membros, así como paridade entre muller e home.

A súa composición será predominantemente técnica, rexendo o principio de especialidade das prazas convocadas.

Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.

8.2.- Os/as membros/as do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á Función Pública nos 5 anos anteriores á publicación desta convocatoria, de conformidade co establecido no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar en calquera momento aos/ás membros/as dos Tribunais cando concorran as

circunstancias previstas anteriormente e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

8.3.- Para a válida constitución do Tribunal requirirase a presenza do/a Presidente/a o/a Secretario/a e non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, a metade máis un dos/as seus/súas membros/as, titulares ou suplentes.

Queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a tramitación e boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

8.4.- O Tribunal poderá estar asistido dos/as asesores/as necesarios/as, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas e actuarán con voz e sen voto.

8.5.- Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase no BOP de Lugo e na sede electrónica municipal, a resolución pola que se nomean os membros do tribunal cualificador e a data, hora e lugar en que se procederá a realización do primeiro exercicio da oposición.

8.6. Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal Terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto nos artigos. 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnización por razón do servicio.

O Tribunal terá a categoría terceira.

9.- Procedemento de selección.

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición libre e consistirá na realización de dúas probas eliminatorias:

- Unha primeira, que contará con dúas partes, unha de contido teórico e outra de contido práctico segundo o temario relacionado no Anexo II.
- Unha segunda de coñecemento de galego.

9.1.- Primeira proba: parte teórica e parte práctica.

A puntuación máxima será de 20 puntos.

9.1.1. Parte teórica da primeira proba.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 25 preguntas (máis 4 preguntas de reserva) con respuestas alternativas das que só unha será correcta, sobre os temas relacionados no Anexo II das bases, durante un período de 60 minutos.

Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respuestas correctas valoraranse en 0,4 puntos.

As respuestas incorrectas penalizarán a metade da puntuación de cada pregunta acertada. As non contestadas non penalizarán nin se puntuarán.

9.1.2.- Parte práctica da primeira proba.

Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos, relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do Tribunal, que poderá formular preguntas sobre o mesmo, sobre os temas relacionados no Anexo II das bases.

Este exercicio puntuarase de cero a dez puntos sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

9.2. Segunda proba: proba de coñecemento de galego

Esta proba é obligatoria e eliminatoria, terá unha duración de 30 minutos. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica sexta, non se presenten ou acaden o resultado de non apto. Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, realizarase unha proba de galego, excepto para aquellas persoas que acrediten o Celga 2 ou superior. A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

10.- LISTA DE APROBADOS

10.1. Realización da primeira proba.

Rematada a primeira proba, o Tribunal publicará a lista provisional das notas acadadas polos aspirantes e outorgará un prazo de 5 días para presentación de reclamación. A lista publicarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aprobados por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada parte da primeira proba. A lista publicarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal.

10.2. Realización da segunda proba e publicación das puntuacións finais dos/as aspirantes.

Rematada a segunda proba, o Tribunal publicará a lista provisional de aptos ou non aptos e outorgará un prazo de 5 días para presentación de reclamación. A lista publicarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal.

Transcorrido o prazo serán resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas publicándose polo Tribunal a lista definitiva de aspirantes aptos do proceso selectivo, por orde da puntuación obtida, coa indicación da nota obtida en cada parte da primeira e segunda proba.

A proposta publicarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal.

Para o suposto de que todos os aspirantes quedaran exentos da realización da segunda proba, trala realización da primeira proba o Tribunal fará pública a proposta dos aprobados do proceso selectivo, por orde da puntuación obtida, coa indicación da nota obtida en cada parte da primera proba.

A proposta publicarase no taboleiro de edictos e na sede electrónica municipal.

10.3.- Resolución do proceso.

O Tribunal elevará a proposta ao Sr. Alcalde para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Para o caso de empate será nomeado o aspirante que tivese maior puntuación na parte práctica da primeira proba e se persiste o empate o que obtivese maior puntuación na parte teórica da primera proba. En último caso se procederá a sorteo.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anterior será nula de pleno dereito.

10.4. Bolsa de traballo.

As persoas aspirantes que superasen todos os exercicios pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de xeito que se o concello precisase realizar alguma substitución do conserxe acudirá a esta bolsa.

A bolsa de traballo terá unha duración indefinida ata que sexa substituída pola realización doutro proceso selectivo de conserxe e deixa sen efecto a anterior bolsa que se utilizaba do proceso selectivo de conserxe interino aprobada por Decreto de Alcaldía nº 70/2022 de 22 de febreiro de 2022.

Realizarase mediante comunicación por escrito por orde de puntuación, de non existir resposta ou no caso de rexeitamento, pasarase ó seguinte.

Unha vez comparezca o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, a Alcaldía, por Resolución, procederá ao seu nomeamento.

11.- Presentación de documentos.

A persoa seleccionada, no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar a seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI, NIE ou documento que acredeite o réximen de nacionalidade nos términos previstos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Copia autenticada do título esixido na convocatoria.
- Certificado médico acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Número de afiliación a seguridade social (Tinxeta Sanitaria)
- Declaración formal de non ser separado mediante expediente disciplinario do servicio de ninguna Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

- Declaración formal de non atoparse encurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da toma de posesión.
- Certificado de número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nónima.

Se non presenta en prazo a documentación requirida, o aspirante decaerá no seu dereito, non podendo ser nomeado e será chamado o seguinte en puntuación.

Se non houbera otros aspirantes a praza será declarada deserto

12.- Nomeamento e toma de posesión.

Pola Alcaldía do Concello de Castro de Rei nomearase mediante resolución ao aspirante proposto polo Tribunal.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, a contar desde o seguinte ao que lle sexa notificado o citado nomeamento, debendo prestar xuramento ou promesa, de conformidade co establecido, en todo caso no R.D 707/1979, do 5 de abril.

Efecutada a toma de posesión, farase público o nomeamento mediante anuncio publicado no BOP de Lugo.

13.- Réxime de incompatibilidades.

As persoas que resulten nomeadas estarán sujetas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

14.- Normas finais.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na:

- Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposición legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como no resto de normas vixentes de aplicación.
- RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

15.- Recursos

A convocatoria, como as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asemade, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interponer calquera outro que estime procedente.

No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interponer recurso contencioso-administrativo.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE****PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE CONSERXE LIMPADOR DO CEIP VELEIRO DO CAMPO POR OPOSICIÓN INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024****I.- DATOS PERSOAIS:**

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO		

II.- EXPOÑO:

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Castro de Rei, para unha praza de funcionario de carreira de conserxe limpador do CEIP Veleiro Docampo incluida na oferta de emprego público de 2024, por oposición, de acordo ao anuncio de aprobación das bases e convocatoria publicado no BOE, nº de data que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpro todos os requisitos esixidos na cláusula quinta das bases, comprometéndome a achegar os documentos acreditativos no caso de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata o nomeamento.

III.- SOLICITO:

1. Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achoega:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, CELGA 2 ou superior, para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego

2. Realizar as probas en: castelán / galego

Así mesmo, SI / NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

....., de de 202.....

O solicitante,

Asdo:

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

ANEXO II (TEMARIO)

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e Contenido.
- 2.O Municipio. Organización Municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Funcionamento dos órganos colexiados municipais
3. A función pública local: clases de personal. Dereitos e deberes. O acceso ao emprego público. Sistemas de ingreso.
4. Colexios Públcos: Funcións do conserxe. Organización dos centros. Horarios.
5. Depósito, entrega, recollida e distribución de correspondencia e obxetos.
6. A información e atención aos usuarios de edificios públicos. A atención telefónica.
7. O control de accesos.
8. Apertura e peche de edificios ou locais municipais. Posta en marcha e parada de instalacións.
9. Reparación de pequenas averías: descripción das más comúns (roturas de grifería, sustitución de tubos fluorescentes, bombillas, pechaduras, etc) e descripción dos pasos a seguir para a súa correcta subsanación.
10. Manexo e mantemento básico de fotocopiadoras, escáneres, plastificadoras, destrutoras de papel e outras máquinas de oficina.
11. Alei de Prevención de riscos laborais. Conceptos básicos. Dereitos e obrigas. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emergencias. Primeiros auxilios.

Castro de Rei, 28 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0580

A FONSAGRADA*Anuncio***AMPLIACIÓN DE HORARIOS DE PECHE DE ESTABLECIMIENTOS HOSTALARÍA**

Aos efectos do establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que, mediante o Decreto da alcaldía número 2025-0091 do 28 de febreiro do 2025, ditouse a RESOLUCIÓN que, de xeito literal, dí:

"Visto que tivo entrada neste Concello, o día 17 de febreiro de 2025 número 2025-E-RC-412 escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI ***2806**, en nome e representación acreditada da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalería deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

ENTROIDO: Todas as noites desde a noite do 27 ao 28 de febreiro (xoves de carnaval) ata a noite do 04 ao 05 de marzo (incluída).

SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de abril ata a noite do 19 ao 20 de abril (incluída).

FESTA DO TRABALLO: todas as noites desde a noite do 30 de abril ao 1 de maio ata a noite do 3 ao 4 de maio.

LETRAS GALEGAS: todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 17 ao 18 de maio.

FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: todas as noites desde a noite do 24 ao 25 de xullo ata a noite do 26 ao 27 de xullo.

FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: todas as noites desde a noite do 14 ao 15 de agosto ata a noite do 16 ao 17 de agosto.

DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.

TODOS OS SANTOS: todas as noites desde a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 1 ao 2 de novembro (incluída).

PONTE DA CONSTITUCIÓN: todas as noites desde a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).

FESTAS DE NADAL: todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2025 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 (incluída).

Visto, a maior abastanza e en relación coa solicitude cursada, que está programada a celebración das festas patronais de A Fonsagrada entre os días 05 ao 07 de setembro do 2025.

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, disfrutarase de más tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local. Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

«1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas»

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril,

Reguladora das Bases do Régime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Jurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecimentos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con producción de efectos desde a data da presente resolución:

- ENTROIDO: todas as noites desde a noite do 27 ao 28 de febreiro (xoves de carnaval) ata a noite do 04 ao 05 de marzo (incluída).
- SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de abril ata a noite do 19 ao 20 de abril (incluída).
- FESTA DO TRABALLO: todas as noites desde a noite do 30 de abril ao 1 de maio ata a noite do 3 ao 4 de maio.
- LETRAS GALEGAS: todas as noites desde o 16 ao 17 de maio ata a noite do 17 ao 18 de maio.
- FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: todas as noites desde a noite do 24 ao 25 de xullo ata a noite do 26 ao 27 de xullo.
- FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: todas as noites desde a noite do 14 ao 15 de agosto ata a noite do 16 ao 17 de agosto.
- FESTAS PATRONAIS: todas as noites desde a noite do 05 ao 06 de setembro ata a noite do 06 ao 07 de setembro.
- DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- TODOS OS SANTOS: todas as noites desde a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 2 de novembro (incluída).
- PONTE DA CONSTITUCIÓN: todas as noites desde a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- FESTAS DE NADAL: todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2025 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2026 (incluída).

SEGUNDO.- Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Compañía da Garda Civil de A Fonsagrada, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de A Fonsagrada”

A Fonsagrada, 28 de febreiro de 2025.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0581

LÁNCARA

Anuncio

Por acordo da xunta de goberno local en sesión ordinaria realizada o día 26 de febreiro de 2025 aprobaronse as bases reguladoras das subvencións para asociacións veciñais, culturais e comisóns de festas para a celebración das festas patronais das parroquias do Concello, ano 2025, na modalidade de axudas en especie, procedendo á súa convocatoria.

O contido íntegro das bases poderán consultarse no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello <https://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 15.02.2025.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvenciones co identificador 817706.

Láncara, 28 de febreiro de 2025.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 0582

SOBER

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 5 de Marzo de 2025 o Orzamento municipal para o exercicio 2025, bases de execución, cadre de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público polo prazo de 15 días laborais -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP- co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O dito documento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sober, 5 de marzo de 2025.- O alcalde, Luis Fernández Gutián.

R. 0596

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓN (BDNS) - DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 28 DE FEBREIRO DE 2025 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENZA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2025.

BDNS (Identif.): 818061

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, públicase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/818061>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións públicase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo- enténdase con sede ou delegación social na provincia-, adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural - con sede e/ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades culturais na anualidade de 2025, sendo o seu obxectivo a promoción e maila dinamización cultural (promoción da historia, da música, das tradicións de Galiza e o uso do idioma galego).

➤ Non se subvencionarán:

- Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertos á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto)
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións ?para actividades artesanais? recollidas na Orde do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, de 25 de abril de 2017). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.
- Quedan excluídas desta convocatoria os gastos de:
 - Aloxamento, hostalería, comidas e restauración.
 - Os gastos para as viaxes culturais que non levan incorporada unha actividade cultural complementaria, acreditándoa a través de documento xustificativo/factura que acredite que se realizaron actividades culturais na propia viaxe (visitas a museos, conxuntos patrimoniais,?). O documento acreditativo deberá estar asinado por profesional competente (guía oficial de turismo, xerente ou persoal responsable dun museo, conxunto patrimonial, mosteiro, igrexa,?). No caso de que este documento acreditativo da visita cultural, non este asinado polo persoal indicado carecerá de valor probatorio para a xustificación da actividade.
 - Quedan excluídas desta convocatoria os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romaría e eventos relixiosos en xeral.
 - Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos de inversión ou por compra de material inventariable.
 - Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnica relaxación, obradoiros de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc?).
 - Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.
 - Quedan expresamente excluídos desta convocatoria os gastos correntes para a celebración de festas de fin de curso (xogos hinchables, xogos deportivos, xogos culturais, monitores deportivos, monitores culturais, globoflexia, a compra e colocación de globos e demás ornamentos festivos, pulseras identificativas, etc?).
 - Quedan excluídas desta convocatoria as actividades culturais que consistan na emisión online, mediante plataforma dixital ou similar.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvenciones en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2025, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 315.000,00 €.
- Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Actividades culturais	500 €	3.000 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 3 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0586

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBIERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 28 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓN DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓN DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓN CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2025.

BDNS (Identif.): 818062

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, públicase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/818062>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8^a da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións públicase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de carácter cultural da súa titularidade, alugadas ou cedidas legalmente para o uso cultural por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que, executados durante o ano 2025, afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural provincial destes colectivos culturais.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á promoción cultural e ás edificacións auxiliares (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) que puidesen estar vinculadas con aqueles e, con especial incidencia, sobre as accións que tendan a mellorar a calidade de todas as accións e manifestacións culturais.

Tamén son obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento de carácter cultural inventariable por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para dotar ás súas

instalacións culturais (en propiedade, alugadas o cedidas legalmente) co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados (técnicos e artísticos).

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2025, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 185.000,00 €.
- Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
------------	----------------	----------------

Investimentos en instalacións de carácter cultural: reformas, ampliación e/ou mellora de inmobles da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente á entidade cultural solicitante. 500 € 3.000 €

Investimentos para a adquisición de equipamentos: Equipamentos, moblaxe e materiais de uso técnico (equipos para procesos da información) e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, e sempre que se trate de investimentos para dotar ás súas instalacións culturais (da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente), co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados. 500 € 2.000 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 3 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0587